

Viagens da Saudade

Coordenação

Maria Celeste Natário

Paulo Borges

Luís Lóia

Organização

Cláudia Sousa

Nuno Ribeiro

Rodrigo Araújo

Porto

2019

FICHA TÉCNICA

Título: **Viagens da Saudade**

Coordenação: Maria Celeste Natário
Paulo Borges
Luís Lóia

Organização: Cláudia Sousa
Nuno Ribeiro
Rodrigo Araújo

Editor: Universidade do Porto. Faculdade de Letras

Ano de edição: 2019

ISBN: 978-989-8969-26-2

DOI: <https://doi.org/10.21747/978-989-8969-26-2/viag>

URL: <https://ler.letras.up.pt/site/default.aspx?qry=id022id1671&sum=sim>

Miguel Ángel Martínez Quintanar*

A Saudade contemplada desde a filosofia de Gilles Deleuze

Resumo: En *Logique du sens* (1969) o filósofo francês Gilles Deleuze concebe um sistema filosófico que na atualidade pode ser aplicável à indagação das condições da experiência real da saudade. A sua potência explicativa, e capacidade construtiva, ajudam a contemplá-la como sentido e acontecimento. Os elementos, movimentos e configurações, da saudade podem localizar-se na fundura física dos corpos e as suas misturas, na superfície transcendental do sentido e na ação moral do agente saudoso.

Palavras chave: Deleuze, saudade, transcendental, sentido, acontecimento.

The Longing Feeling according to Gilles Deleuze's Philosophy

Abstract: In his work, *Logique du sens* (1969) the French philosopher Gilles Deleuze creates a philosophical system that may be applied currently to the exploration of the conditions of actual experience in the longing for something. His explanatory strength along with his constructive ability help us understand it as sense and event. All the elements, moves and shaping in the longing can be found in the physical depth of the bodies and their mixtures, on the transcendental surface of sense as well as in the moral acting of the longing subject.

Keywords: Deleuze, saudade, transcendental, sense, event.

* IES Ánxel Fole (Lugo, Espanha). E-mail: miguel.angel.martinez.quintanar@edu.xunta.es

1. Presentación, intencións

O filósofo francés Gilles Deleuze (1925-1995) non estuda na súa obra a experiencia e concepto de saudade. Ora ben, nos seus libros hai elementos, xiros e proposicións, que permiten unha aplicación, un achegamento filosófico á saudade. Propoñemos o uso dalgunhas pasaxes de *Logique du sens*⁶⁵¹ coa finalidade de preparar un espazo filosófico útil para sistematizar posicións innovadoras, tamén clásicas, sobre a saudade: as condicións da súa experiencia real.

Desde a arquitectónica filosófica proposta por Deleuze en *Logique du sens*, a saudade pode ser abordada desde un triplo punto de vista.

En primeiro lugar, como física das profundidades. É un punto de vista xenético. A saudade revélase como produto dos corpos e as súas mesturas.

En segundo lugar, lóxica do sentido. A saudade aparece como produtora de sentido. Ela mesma é potencia xenética.

Por último, ética dos efectos de superficie. A saudade pon de manifesto o axente saudoso, protagonista da acción, que executa a contra-efectuación dos elementos reactivos, pesarosos, paralizantes, da saudade.

2. Física das profundidades: xénese como proceso, saudade como produto

A física das profundidades é a descrición do movemento polo que os corpos, estados de cousas e mesturas, tomados na súa fondura ruidosa, e furiosa, producen superficies ideais ou fracasan nesta produción⁶⁵². É a ex–posición do dinamismo mercé ao que se produce, devagar, de limiar a limiar, o sentido da saudade. Nesta dirección, a primeira dimensión da saudade é inequivocamente xenética. Ancórase nos corpos e as súas mesturas. A xénese da saudade ten unha dinámica específica marcada cunha rúbrica xeral: extracción dunha voz saudosa dos ruídos, e sons profundos, dos corpos, até chegar á linguaxe⁶⁵³.

A antedita produción pode fracasar se a superficie do sentido da saudade, esgazándose en fracturas e roturas, fai recaer os posíbeis corpos falantes nunha pulsación anónima na que as palabras son,

⁶⁵¹ DELEUZE, Gilles, *Logique du sens*, Minuit, Paris 1969.

⁶⁵² Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 217.

⁶⁵³ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., pp. 223-225.

unicamente, afeccións do corpo, traumas, impactos, choques. Inclusive, feridas. É unha orde primaria que brua, rosma, baixo a organización secundaria, articulada, da saudade⁶⁵⁴.

Porén, a produción dunha superficie da saudade ten éxito cando a superficie resiste. Dito outramente: cando o sentido no só se desprega nela como efecto, senón que a superficie tamén participa da case-causa ligada a ela. Só mercé a esta conquista a superficie pode producir, á súa vez, un duplo proceso de determinación: a individuación (proceso de determinación dos corpos e as súas mesturas medidas) e a significación (proceso de determinación das proposicións e as súas relacións). As pulsacións do universo, os movementos que producen superficies, é o que Deleuze nomea como xénese dinámica⁶⁵⁵. A xénese dinámica vai directamente dos estados de cousas aos acontecementos, das mesturas ás liñas puras, da profundidade á produción de superficies, exactamente igual que lle sucede ao falar cando se desprende efectivamente do comer⁶⁵⁶.

Na saudade lograda aniña o relato (sempre por contar, isto é, incontábel) do itinerario dos sons, e bramidos, que deixan de ser unha calidade específica dos corpos (berros, ruídos, ruxidos, sons guturais, entre outros) e conseguen designar calidades, manifestar corpos, significar suxeitos e predicados. Neste itinerario deben pasar pola instancia que lles confire o seu novo valor. Cal? O sentido como superficie.

A saudade ten a súa viaxe produtiva específica. É un itinerario xenético con tres fitos.

En primeiro lugar, un sistema sonoro de profundidade, ruidoso, que bourea. É o teatro terríbel no que a escena, o axente e o drama da saudade están indiferenciados.

En segundo lugar, un sistema sonoro de altura, que extrae unha voz dos ruídos e boureos de profundidade. É o proceso do esforzo, ou violencia, que reconstrúe un obxecto completo e se identifica con este referente. O obxecto bo é o operador que extrae unha voz dos sons profundos. Esta voz das alturas posibilita a constitución de superficies nas que acontece a dupla liberación da libido das pulsións alimenticias e destrutoras. O obxecto bo pode ser calquera referente constituído: a interiorización da polifonía da casa natalicia, a pantasma dun outro, as calidades sonoras das paisaxes nativas, as pegadas mnemónicas da infancia. Mais, sobre todo, é o complexo pai-nai, *bathos* ignoto da experiencia. Urda do obxecto-suxeito ausente, por definición.

⁶⁵⁴ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., pp. 258-259.

⁶⁵⁵ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 217.

⁶⁵⁶ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, Ibid.

O terceiro fito é o sistema sonoro de superficie: a palabra. A palabra comeza cando os elementos formadores da linguaxe son extraídos da voz que ven do alto. É a superficie na que a boca logra liberarse dos berros e alimentos, fluídos e interxeccións. Esta liberación traza unha fenda: a superficie metafísica, o pensamento⁶⁵⁷. Esta fenda dá lugar ao sistema sonoro verbal ou acontecemento. A saudade é rotura, estrañeza, alleamento que traza o punto de salto entre superficies. É sen-sentido: punto cero do pensamento, átomo aleatorio de enerxía liberada dos berros e das pulsións alimenticias e destrutoras (incluídas as tanáticas). Un punzón, ou buril, con potencia para trazar a forma do infinitivo puro. Dito outramente: potencia de inscrición da fenda da superficie metafísica, do pensamento, a partir da case-cause da ferida nos corpos⁶⁵⁸.

Esta constitución xenética, dinámica, dunha superficie metafísica, de pensamento, ameaza ruína de maneira constante. Adoece dun equilibrio precario⁶⁵⁹.

A saudade dos/nos corpos, e as/das súas mesturas, pode reaccionar sobre a superficie constituída; contrariar o sistema sonoro de superficie; rachala e reunila cos fragmentos, anacos, obxectos flotantes e caotizantes, da profundidade; impedir a sublimación lograda, a simbolización, o desenvolvemento sobre a superficie metafísica; facer que a fenda incorporal se efectúe no máis profundo dos corpos, e se confunda coa rotura e cos obxectos parciais das profundidades, coa ferida da carne. En suma, a saudade pode arruinar o pensamento, esborrallalo no seu ángulo de impotencia. Animalo a permanecer nos sufrimentos da loucura: o padecemento psíquico, a pasividade absoluta, a receptividade cataléptica. Isto é, na inmovilidade do estupor e na ecolalia do delirio.

Desde o punto de vista do dinamismo da física das profundidades, a saudade fica debuxada: é xénese pre-lingüística que non designa cousas, non manifesta persoas, non significa conceptos. A saudade é movemento e configuración sonora de elementos cuxa referencia é unha afección, un poder de ser afectados, unha ausencia de referente. Ora ben, con remisión: puro efecto de superficie sen causa. Ser sonoro, resoante, que xoga nos, e cos, ecos. Punto principal da palabra, mais non da linguaxe. Por que?

Segundo Deleuze, a palabra comeza cando os elementos formadores da linguaxe son erguidos á superficie desde a corrente de voz que ven do alto⁶⁶⁰. Porén, a palabra é paradoxal: por unha banda,

⁶⁵⁷ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., pp. 254-255.

⁶⁵⁸ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 256.

⁶⁵⁹ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, Ibid.

⁶⁶⁰ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 272.

remite á linguaxe como algo retirado que preexiste na voz do alto; por outra banda, remite á linguaxe como algo que debe resultar, mais que só advirá coas unidades formadas, na organización secundaria.

A palabra nunca é igual á linguaxe. Para Deleuze, no dinamismo propio da física das profundidades, a palabra agarda aínda o resultado⁶⁶¹. Isto é, espera o acontecemento que lle dará a formación efectiva. Os ruídos, berros, sons da profundidade, son un infra-sentido, un sub-sentido. A voz da altura é un pre-sentido. Mais, nun intre, coa organización de superficie, o non sentido devén sentido. Non obstante, a organización da superficie física non é, aínda, sentido: ela é, mais ben será, co-sentido⁶⁶². No instante no que o sentido se produza sobre outra superficie, ela será, tamén, ese sentido. Entón, por onde pasa o sentido? Onde chega?

Segundo Deleuze, falar, como acción, supón o verbo e pasa polo verbo⁶⁶³. O verbo proxecta a boca sobre a superficie metafísica enchéndoa de acontecementos ideais: o verbo é a representación verbal. Porén, o verbo é silencioso. Ora ben, del xorde, de maneira súbita, a organización da linguaxe. Xa que logo, cal é o verbo da saudade? Cal é o acontecemento que o forma efectivamente?

Esboceamos unha resposta en tateo: soidar –condición da experiencia real. Noutras palabras: saudar, inscribir mensaxes, trazar unha superficie de sentido. Ou, doutro xeito: saltar, soldar, tallar. Pensar, quizais.

3. Lóxica do sentido: potencia xenética da saudade, saudade produtora

Que forma ten a superficie do sentido producida polo que lle sucede aos corpos? Deleuze di: unha banda de Moebius sen espesor⁶⁶⁴.

A superficie do sentido ten unha face deitada á linguaxe (proposicións) e outra ás cousas (referentes). Desde o punto de vista lingüístico caracterízase pola súa insistencia ou subsistencia⁶⁶⁵. Desde o punto de vista ontolóxico é extra-ser⁶⁶⁶. O estatuto do sentido é complexo: non se confunde coas proposicións que o expresan, e tampouco co estado de cousas, ou calidades, que

⁶⁶¹ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, Ibid.

⁶⁶² Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, Ibid.

⁶⁶³ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 281.

⁶⁶⁴ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 21.

⁶⁶⁵ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 13.

⁶⁶⁶ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 257.

designa. A saudade, tamén. Contemplada como banda de Moebius, é irreductíbel a ambos os dous lados.

A saudade, como sentido, non se encontra no mundo das significacións. Tampouco no campo especular dos obxectos do mundo. Non pivota, necesariamente, nunha substancia comprendida como experiencia, conciencia, historia. Isto é, un suxeito pleno de haberes e potestades, dotado de facultades, a percepción, vontade de poder. Ademais, non se localiza, exclusivamente, no uso social da linguaxe, no que agroman todos os xogos posíbeis do sentido da saudade. Desde a perspectiva da arquitectónica deleuziana, calquera modelo ideal e patrón material de comprensión, e aprehensión, fican impugnados. Revélase, xa que logo, unha potencia en superficie. Pura inmanencia xenética.

Esta superficie sen espesor, ten unha función: distribuír, dunha maneira inédita, conceptos e seres, o ideal e material, o corporal e incorporeal. Esta fronteira, ou barra, que separa e, tamén, articula, pode ser pensada como superficie topolóxica, Anel de Moebius. Nesta, o sentido da saudade, ou a saudade como sentido, desprega a súa potencia xenética. Mais, paradoxalmente, permanece impasíbel e neutral. Así, é lugar e tempo: lugar transcendental, tempo ideal. Non subxectividade transcendental. É un xogo non regrado de elementos pre-individuais e a-persoais.

Seguindo os pasos de Deleuze, hai dúas esixencias metodolóxicas que deben rexer esta exploración do pensamento da saudade como sentido, isto é, o percorrido do campo transcendental xenético. A primeira, a afirmación da diferenza de natureza entre a condición e o condicionado: o campo transcendental debe ser purgado de calquera semellanza co condicionado⁶⁶⁷. A segunda, a forza de determinación do concepto filosófico: a determinación debe ser allea ás formas do ordinario (o persoal, o xeral, o individual, entre outras)⁶⁶⁸. No cumprimento destas dúas esixencias: é posíbel suxerir, e rastrexar, unha nova perspectiva de comprensión da saudade e o seu sentido? Cal?

Achegamos unha proposta: a vía de comprensión é apuntar aos elementos xenéticos, constituíntes, da subxectividade afectiva que, deste modo, pode encontrar unha ancoraxe real na saudade como sentido. A saudade como sentido (a condición) non é o modelo (paradigma, canon) da subxectividade afectiva (o condicionado). Mais ben, é a súa potencia xenética diferencial.

⁶⁶⁷ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 149.

⁶⁶⁸ Para a finalidade e obxectivo desta forma de determinación, cfr. DELEUZE, Gilles, *Différence et répétition*, PUF, Paris 1968, p. 3.

Segundo as esixencias metodolóxicas anteditas, son cinco as determinacións do campo transcendental. Dito outramente, son cinco as condicións da experiencia real da saudade. Cales? Enerxía potencial de campo, resonancia interna das series, superficie topolóxica das membranas, organización do sentido, estatuto problemático⁶⁶⁹. Apliquemos estas determinacións á saudade como sentido⁶⁷⁰.

- 1) Enerxía potencial de campo. As saudades poden pensarse como disparidades entre ordes de magnitude intensiva, non só como unha dialéctica polar non resolta (por exemplo, entre angustia e esperanza⁶⁷¹).
- 2) Resonancia das series. A saudade pode abordarse como elemento paradoxal que percorre as series das saudades concretas, facéndoas resoar e, deste modo, xerar efectos de sentido. Nesta resonancia fórmanse series concretas: literaria (nostalxia, morriña, saudade)⁶⁷²; fenomenolóxica-ontolóxica (sentimento, intimidade, singularidade)⁶⁷³; histórica (lírica, relixiosa, patriótica)⁶⁷⁴; clínica (non-cousificación, rehumanización, repersonalización)⁶⁷⁵; vital (instinto de vida, anhelo do imposíbel, desexo puro, vertixe do infinito)⁶⁷⁶, entre outras.
- 3) Superficie topolóxica en membrana. A vitalidade da saudade está en contacto co exterior nos limiares do vivo. Non fica reducida, recluída nunha subxectividade, entendida, restritivamente, como interioridade. Mais ben, é movemento de prego, plica na que se impugnan os elementos que non se tocan⁶⁷⁷.

⁶⁶⁹ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., pp. 125-127.

⁶⁷⁰ Para un primeiro intento de aplicación destas condicións á experiencia da saudade, pode consultarse MARTÍNEZ QUINTANAR, Miguel Ángel, «Saudade: entre fenómeno e acontecemento (Deriva sobre a saudade a partir da lectura de Andrés Torres Queiruga)», in: ANTÓNIO BRAZ TEIXEIRA, MARIA CELESTE NATÁRIO, JORGE CUNHA, RENATO EPIFÂNIO (coords.), *Sobre a saudade. VI Colóquio Luso-Galaico*, Zéfiro, Sintra 2018, pp. 110-121, cfr. p. 117.

⁶⁷¹ Sobre a saudade como movemento polar entre angustia e esperanza, cfr. TORRES QUEIRUGA, Andrés, *Para unha filosofía da saudade*, Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, Trasalba – Ourense 2003, p. 63.

⁶⁷² Cfr. CASTELAO, *Sempre en Galiza*, Akal, Madrid 1980, 3ª ed., pp. 355-356.

⁶⁷³ Cfr. PIÑEIRO, Ramón, *Filosofía da saudade*, Galaxia, Vigo 1984.

⁶⁷⁴ Desta serie dá conta DOMINGUES, Joaquim, «Saudades de Portugal ou as tres fâces da saudade», in: ANTÓNIO BRAZ TEIXEIRA, MARIA CELESTE NATÁRIO, RENATO EPIFÂNIO (coords.), *Sobre a saudade. V Colóquio Luso-Galaico*, Zéfiro, Sintra 2017, pp. 128-134.

⁶⁷⁵ Cfr. GARCÍA-SABELL, D., «La saudade por dentro», in: RAMÓN PIÑEIRO, D. GARCÍA-SABELL, LUIS TOBÍO, JUAN ROF CARBALLO, F. ELÍAS DE TEJADA, XESÚS ALONSO MONTERO, MANUEL VIDÁN, SALVADOR LORENZANA, *La saudade: ensayos*, Galaxia, Vigo 1953, pp. 43-61.

⁶⁷⁶ Para esta serie, cfr. MARTINEZ QUINTANAR, Miguel Ángel, *Galeguismo e saudade: a visión de Plácido Castro*, IGADI, Vigo 2012, pp. 12, 23-24, 29-30, 36-37.

⁶⁷⁷ Un exemplo de itinerario topolóxico do contacto entre interioridade e exterioridade, pasado interior e futuro exterior, soidade e sociedade, saúde e saúdo, no relativo ás distancias e achegos nas figuras diversas da saudade, encóntrase na escrita de SOTO, Luís G., *Meditação sobre a saudade*, Zéfiro, Sintra 2015.

- 4) Organización do sentido. A saudade é arranxo do acontecemento que sobrevoa as efectuacións sen esgotarse nelas. Non é, simplemente, un conxunto de realizacións ou manifestacións que rehabilitan o dualismo que tende a reproducir no condicionado a condición que o posibilita⁶⁷⁸.
- 5) Estatuto problemático. A saudade é lugar permanente da pregunta, non, exclusivamente, das respostas (teóricas, prácticas, históricas, artísticas). É superficie en construción, nunca construída, percorrida polo elemento paradoxal que fai resoar, sen cesar, os membros das series das saudades⁶⁷⁹.

Os cinco trazos do campo transcendental, aplicábel ao lugar da saudade, complétanse co tempo da saudade. Que tempo? Seguindo as pegadas de Deleuze, un tempo especificamente ideal: *aion*⁶⁸⁰. *Aion* é a idealidade característica dos acontecementos incorporais poboados de efectos. Os efectos percórrense, mais non o enchen, non son capaces de satisfacelo. O tempo aiónico é ilimitado, desdóbrase, incesantemente, en pasado-futuro. Ora ben, tamén é finito, como o instante. É a forma baleira do tempo, liberada dos contidos corporais presentes. Esténdese nunha liña labiríntica, unha de cuxas manifestacións pode ser o eterno retorno.

As condicións da experiencia real da saudade quedan debuxadas: cinco determinacións do campo transcendental e tempo aiónico. Este programa de ampliación da comprensión da saudade préstase a pensala cun novo concepto: acontecemento. Desde este punto de vista, permanecer no campo transcendental (potencial, resoante, topolóxico, de acontecemento, problemático) e, tamén, atender o elemento xenético das series intensivas das heteroxéneas saudades (que traça a liña ideal, baleira, bifurcante, de *aion*), pode explicar a orixinalidade da literatura galego-portuguesa. É o acontecemento virtual que sobrevoa todas as súas efectuacións (literarias, históricas, culturais, biográficas, entre outras).

A exploración da saudade como acontecemento, isto é, a súa lóxica produtiva de sentido, achégase a ela como *aliquid* que non se confunde coa súa efectuación espazo-temporal e, tampouco, cos estados de cousas. Nesta dirección, que só pode quedar apuntada, o acontecemento-saudade pode analizarse desde un programa filosófico de catro ángulos, certamente paradoxais: o acontecemento-saudade é impasíbel con respecto aos estados de cousas, mais é a súa potencia

⁶⁷⁸ A bisagra que Torres Queiruga encontra entre as saudades categoriais e a saudade transcendental adocece do risco de pensar o transcendental segundo algúns modos de concreción do categorial (empírico, subxectivo, egolóxico, personolóxico, por exemplo). Cfr. TORRES QUEIRUGA, *Para unha filosofía da saudade*, op. cit., pp. 50 e ss.

⁶⁷⁹ Para a serie da saudade composta pola serie problemática soidade-saúde-saúdo-sociedade, cfr. SOTO, Luís, *O labirinto da saudade*, Edicións Laiovento, Santiago de Compostela 2012, pp. 115-132.

⁶⁸⁰ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., pp. 190-197.

xenética; o acontecemento-saudade é suspensión, ou impugnación, da proposición (non significa un concepto, non designa un estado de cousas, non manifesta un suxeito), mais preséntase como o seu vórtice principal, principio de goberno (*arché*); o acontecemento-saudade é singular e, simultaneamente, impersoal, isto é, porta a diferenza en si e, xa que logo, afástase das distribucións ordinarias (de seres, proposicións)⁶⁸¹; o acontecemento-saudade estraña as funcións establecidas habitualmente, mais prodúceas sen asemellarse a elas⁶⁸².

Contemplan a saudade desde a filosofía de Deleuze achéganos ao seu acontecemento: sistema non causal de ecos e resonancias, efectuados en cada momento, mais que non esgota a súa riqueza produtiva e dinamismo xenético. Acontecemento que sobrevoa os estados de cousas (referentes da saudade) e efectuacións concretas (suxeitos con saudade). Acontecemento que porta as condicións da experiencia real dunha outra individuación.

Desde este punto de vista, o verbo en infinitivo, por exemplo, é capaz de expresar, na linguaxe, o estatuto problemático da saudade e, polo tanto, a súa natureza impasíbel, neutral, singular e impersoal: saudar, sandar, lanzar signos, arranxar mensaxes⁶⁸³.

4. Ética dos efectos de superficie: contra-efectuación, actor/axente saudoso

Desde o punto de vista da acción, a dinámica transcendental da saudade expresa un chamamento ético: manter aberto, non pechado, nun obxecto, e suxeito, locais, o seu incesante devir. A acción saudosa, como efectuación do percorrido do elemento paradoxal polas series constituídas, ten, como condición da experiencia real, non autopregarse na unidimensionalidade. No seu haber hai un *ethos*: deixar as canles abertas a individuacións inéditas, haecceidades descoñecidas. Novos arranxos que esquivan o peche constitucional en substancias autosubsistentes, formacións personolóxicas, configuracións histórico-nacionais. Ficar no virtual, intensivo, en suma, é o seu evento.

A física das profundidades e a lóxica do sentido da saudade prolónganse nunha ética dos efectos de superficie. A ética dos efectos da saudade é unha operación de contra-efectuación do que ocorre a partir da aceptación do que, precisamente, ocorre⁶⁸⁴. É a extracción, en cada efectuación espazo-temporal da saudade, en cada estado saudoso, do que permanece non efectuado do acontecemento-

⁶⁸¹ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 178.

⁶⁸² Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., pp. 122-124.

⁶⁸³ Cfr. SOTO, *O labirinto da saudade*, op. cit., p. 132.

⁶⁸⁴ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., pp. 209-210.

saudade⁶⁸⁵. O protagonista desta acción paradoxal, tamén formidábel, é, no plano filosófico, o axente saudoso. No plano transcendental, o actor aiónico⁶⁸⁶.

O actor/axente que contra-efectúa a saudade, nas súas formas ideais e contidos materiais, extrae a saudade pura que comunica con todos os outros acontecementos. Fai da disxunción unha síntese que afirma o disxunto como tal, e logra facer resoar cada serie noutra serie. Explora todas as distancias, mais nunha mesma liña. De feito, a saudade como acontecemento é, quizais, a exploración da distancia, un percorrido que afirma o meu saúdo a un outro, por exemplo, noutro mundo e noutro individuo, e consegue facer resoar series bifurcantes e ramificadas⁶⁸⁷. Percorrido e resonancia son, polo tanto, accións mancomunadas⁶⁸⁸.

A contra-efectuación non pretende afirmar a identidade dos contrarios nunha supra-identidade que os abrangue, ou nunha infra-identidade que os dissolve. Mais ben, mostra que no espazo-tempo da saudade, no espazo-tempo do sentido da saudade, o tempo presenta tres aspectos: bifúrcase de maneira continua (afectado por un índice de fractalidade); desfai a configuración personolóxica (porque porta un elemento diferencial); arranxa unha comprensión do acontecemento de efectos inesperados (en relación co seu índice de efectuación).

Indisolubelmente ligada a esta contra-efectuación ética, irrompe un duplo movemento. Primeiro, unha arte do perigo: a prudencia na rolda arredor da fenda da saudade⁶⁸⁹. Segundo, o salto á obra de arte: a contra-efectuación lograda ou salto entre superficies⁶⁹⁰. Isto é, o actor/axente saudoso, instalado na superficie, na liña recta que a percorre, no punto aleatorio que traza ou percorre esta liña, sabe agardar o acontecemento. En que consiste este saber agardar o acontecemento?⁶⁹¹

Primeiro, comprender o acontecemento como algo que pertence ao campo transcendental da saudade. O actor/axente saudoso comprende a saudade na súa verdade eterna, independentemente

⁶⁸⁵ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 177.

⁶⁸⁶ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., pp. 171-172. Para os protagonistas da ética do acontecemento, cfr. MARTINEZ QUINTANAR, Miguel Ángel, *La filosofía de Gilles Deleuze: del empirismo transcendental al constructivismo pragmático*, Servizo de publicacións e Intercambio científico da Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela 2007, pp. 517-527.

⁶⁸⁷ Desde este punto de vista, pode comprenderse que o sentido holotrópico da saudade teña o seu efectivo cumprimento en ser e sentir todo de todas as maneiras. Pode encontrarse un interesante desenvolvemento en BORGES, Paulo, «A saudade ‘do que nunca houve’ en Fernando Pessoa», in: ANTÓNIO BRAZ TEIXEIRA, MARIA CELESTE NATÁRIO, RENATO EPIFÂNIO (coords.), op. cit., pp. 211-231, cfr. pp. 225-226, 228-229.

⁶⁸⁸ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 210.

⁶⁸⁹ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., pp. 181, 183-184.

⁶⁹⁰ Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 278.

⁶⁹¹ Para os trazos xerais deste saber do acontecemento, cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 277.

da súa efectución espazo-temporal. Verdade por vir e sempre pasada na liña do *aion*, liña do tempo ideal, incontábel, non do tempo cronolóxico, contábel.

En segundo lugar, saber agardar o acontecemento é querer a efectución do acontecemento nun corpo, nun estado de cousas, nunha mestura corporal. Querer alleo ao voluntario e involuntario. Querer estraño á volición, mais que pretende o que, dalgunha maneira, está a xestarse no mundo físico das profundidades. Querer sen querer, paradoxal. Querer crítico co réxime da decisión, da *voluntas* e *noluntas*. O actor/axente saudoso é un corredor, ou operador, dos efectos de superficie. Só sucede o que acontece. Mais, a súa causa non é el.

En terceiro lugar, agardar o acontecemento é representalo. Ora ben, non como un estado de cousas ou un predicado dun estado de cousas, senón como o que se efectúa nun estado de cousas, e, simultaneamente, o que se expresa nun estado de cousas. A representación non é unha abstracción oca. É un problema aberto. Unha dobra do estado de cousas, dobra da cadea de causas físicas, dobra dos eventos cronolóxicos. Desdoblamento en pasado e futuro.

Por último, agardar o acontecemento é seleccionalo. O actor/axente saudoso segue o acontecemento dobrándoo. Extrae o que no acontecemento permanece non efectuado: a singularidades pre-individuais e im-persoais. Mide o grao de efectución do acontecemento incorporal nas mesturas físicas. É un labor de mensura prudente que actúa como dique de contención da crueldade das profundidades, da mortificación que pon en risco de creba a fráxil superficie do sentido. É un freo da invasión que os sufrimentos da loucura están en transo de desencadear sobre a superficie do sentido da saudade.

O actor/axente saudoso é a potencia de extraer o que aínda non está efectuado. Cal é a súa maneira de actuar? No momento de determinar o grao de efectución do acontecemento-saudade, entrégase a unha pasividade non reactiva, creativa, afirmativa. Inclusive, humorística⁶⁹². Contra-efectuando as saudades reactivas, resentidas e afectadas pola mala conciencia, tamén polo ascetismo da identidade, o actor/axente saudoso realiza un devir inédito, encarna a parte inmaculada do acontecemento-saudade. Fai refulxir un sentido, unha outra individuación entre as series.

A acción saudosa convértese nun devir-activo mercé a contra-efectuación, salto entre superficies. É unha acción supernumeraria, suplementaria, formidábel, sempre incontábel (por descontada), que pode acontecer na resta da pasividade espontánea na que o actor está envorcado. Precisamente,

⁶⁹² Cfr. DELEUZE, *Logique du sens*, op. cit., p. 177.

a barra (/) que separa, e une, ao actor co axente (actor/axente), é a marca, ferida, fenda física, que debe contra-efectuar o actor para transformarse en verdadeiro axente. Proceso aberto, reversíbel, inconcluso. Arriscado. Tamén paradoxal, en moitas ocasións (como adoita ser a acción dun liberto).

A acción saudosa é unha ruptura coa *doxa*. O mergullo no elemento do para-doxo. A verdadeira descrición das condicións da experiencia real, non simplemente posíbel. Un pensamento puro e acción creadora. Un pensar saudábel e unha obra de saúdo, social, societaria⁶⁹³. A ética da saudade é acción aventureira, e aventurada, da produción de sentido a partir da contra-efectuación das relacións reactivas, regresivas, reaccionarias, do actor (aínda, con frecuencia, en débeda coas feridas das profundidades, en perigo polas ecolalias que callan as series, inconsciente do xogo paradoxal que pode desnaturalizarse en saudade biliosa, sarcasmo tanático).

O axente saudoso quere o acontecemento da saudade. Acepta o acontecemento para extraerlle a súa verdade eterna. Realiza unha operación na que vibra o elemento paradoxal que percorre as series das saudades: a saudade activa (reciprocadora) contra as saudades reactivas (soidosas); a fenda incorporal (sublimada, simbolizada) contra as feridas corporais (patolóxicas, clínicas); a morte impersoal (do axente) contra as mortes persoais (dos actores); a señardade afirmativa (humor paradoxal) contra as morriñas negadoras (mordacidades resentidas). Un punto no que acaece a transmutación, metamorfose.

Devir-axente das nosas saudades, aprender a encarnar a perfección e o estoupido do acontecemento-saudade, é, quizais, devir dignos do evento que xa foi mais, aínda, non é. Un devir que é o punto exacto (aleatorio, paradoxal, móbil) no que opera a transmutación ética como renacemento ideal, non carnal. Transmutación feita coa liña inconclusa do acontecemento que racha co texto concluso das obras fácticas. Punto exacto que é, xustamente, o axente saudoso, capaz de dobrar as efectuacións espazo-temporais da saudade porque atende ao imperativo, *ethos*, do dinamismo do campo transcendental da saudade: non pór fin, deixar en suspenso a cláusula de peche categorial.

A dobra, xa que logo, é a operación moral específica da ética dos efectos da saudade. Dobra triangulada en tres accións.

⁶⁹³ Para a saudade como interpelación, mensaxe, sentido susceptíbel de se producir (tecer) na interpelación, así como, tamén, pasaxe da soidade á sociedade, do sentimento á mensaxe, da sensación ao significado compartido, a través da comunicación (na que o suxeito expresa a súa soidade tentando compoñer unha sociedade con outros), cfr. SOTO, *O labirinto da saudade*, op. cit., pp. 128-131.

- 1) Extraer a parte non efectuable do acontecemento-saudade da urda dos síntomas que rebordan as superficies físicas.
- 2) Transportar as accións e paixóns cotiás da saudade (morriña, nostalxia, entre outras) ao seu acontecemento puro (saudar-sandar, por exemplo).
- 3) Pasar da superficie física dos corpos (na que habitan os síntomas e se executan as efectuacións), a unha superficie metafísica, transcendental (na que se deseña, e xógase, o acontecemento puro), isto é, o sentido da saudade, o seu pensamento-acción.

5. Proxeccións, tarefas

Deleuze suxire un esquema de desenvolvemento articulado cuns conceptos filosóficos interesantes, e produtivos, para explorar as variadas condicións da experiencia real da saudade. Mercé á súa potencia explicativa, e capacidade construtiva, a saudade é capaz de revelarse como un acontecemento cuxos elementos, movementos e configuracións, varían segundo se localicen as súas operacións na fondura física dos corpos e as súas mesturas, na superficie transcendental do sentido, na acción moral do axente saudoso.

Pensar a saudade, desde a filosofía de Deleuze, pode axudar a descifrar o seu código diferencial, a singularidade que, notabelmente, logra afastala das experiencias estandarizadas, repetitivas, copiadas, e, tamén, referidas a un obxecto único, e un suxeito reducido, atrapados na polaridade local-universal. Así mesmo, pode penetrar na potencia e impasibilidade da saudade, dar conta e razón dos seus elementos ordinarios, das súas formas de semellanza e identidade, sen restarlle a súa inmanencia, principialidade e potencia.

Unha reflexión filosófica actual sobre a saudade, elaborada a partir do pensamento de Deleuze, debería poder desenvolver un cuádruplo programa: unha teoría da constitución das superficies da saudade; unha descrición do campo transcendental da saudade; un construtivismo do acontecemento da saudade; unha contra-efectuación ética dos elementos reactivos e parciais da saudade. Velaquí a tarefa pendente para futuras meditacións.

Referencias bibliográficas

BORGES, Paulo (2017), «A saudade ‘do que nunca houve’ en Fernando Pessoa». In: BRAZ TEIXEIRA, António; NATÁRIO, Maria Celeste; EPIFÂNIO, Renato (coords.), *Sobre a saudade. V Colóquio Luso-Galaico*. Sintra: Zéfiro, pp. 211-231.

- CASTELAO (1980), *Sempre en Galiza*. Madrid: Akal, 3ª ed.
- DELEUZE, Gilles (1968), *Différence et répétition*. Paris: PUF.
- DELEUZE, Gilles (1969), *Logique du sens*. Paris: Minuit.
- DOMINGES, Joaquim (2017), «Saudades de Portugal ou as três faces da saudade», in António Braz Teixeira, Maria Celeste Natário e Celeste Natário (coords.), *Sobre a saudade: V Colóquio Luso-Galaico*, Sintra, Zéfiro, pp. 128-134.
- GARCÍA-SABELL, D. (1953), «La saudade por dentro». In: PIÑEIRO, Ramón; GARCÍA-SABELL, D.; TOBÍO, Luis; ROF CARBALLO, Juan; ELÍAS DE TEJADA, F.; ALONSO MONTERO, Xesús; VIDÁN, Manuel; LORENZANA, Salvador, *La saudade: ensayos*. Vigo: Galaxia, pp. 43-61
- MARTINEZ QUINTANAR, Miguel Ángel (2007), *La filosofía de Gilles Deleuze: del empirismo transcendental al constructivismo pragmático*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Servizo de publicacións e Intercambio científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- MARTINEZ QUINTANAR, Miguel Ángel (2012), *Galeguismo e saudade: a visión de Plácido Castro*, Vigo: IGADI.
- MARTÍNEZ QUINTANAR, Miguel Ángel (2018), «Saudade: entre fenómeno e acontecemento (Deriva sobre a saudade a partir da lectura de Andrés Torres Queiruga)». In: BRAZ TEIXEIRA, António; NATÁRIO, Maria Celeste; CUNHA, Jorge; EPIFÂNIO, Renato (coords.), *Sobre a saudade. VI Colóquio Luso-Galaico*. Sintra: Zéfiro, pp. 110-121.
- PIÑEIRO, Ramón (1984), *Filosofía da saudade*. Vigo: Galaxia.
- SOTO, Luís G. (2012), *O labirinto da saudade*. Santiago de Compostela: Edicións Laivento.
- SOTO, Luís G. (2015), *Meditação sobre a saudade*. Sintra: Zéfiro.
- TORRES QUEIRUGA, Andrés (2003), *Para unha filosofía da saudade*. Trasalba - Ourense: Publicacións da Fundación Otero Pedrayo.